

iPont

Nº 2 • 2009
En Portada - Teresa Casal





“Non estou arrepenhada de nada do que teño feito”

Teresa Casal

De profesión avogada, na actualidade é
Tenente de alcalde do Concello de Pontevedra e
Concelleira delegada de Urbanismo e do Centro
Histórico

¿Que pintura prefire?

Gústame o impresionismo, por razóns estéticas e porque os impresionistas foron uns incomprendidos nos seus tempos.

Un pintor.

Cezanne ou Renoir, por exemplo.

Un escultor.

Me atrae moito Ramón Conde, un escultor da terra cunha forza tremenda.

Museo preferido.

Por suposto, o futuro Museo de Historia de Pontevedra, xunto co circuíto que vai configurar co CITA (Centro de Interpretación das Torres Arcebispais) e o Museo Aberto do Campillo, coa torre de Tristán de Montenegro. Un empeño persoal que quero que simbolice o meu paso polo Concello.

Unha fantasía de mocidade é **gañar** o premio **Planeta**

¿Que libro impactoulle máis?

Cen anos de soidade, de García Márquez. Lino con 20 anos e relino varias veces. Non só polo que conta, senón, sobre todo, por como o conta.

¿Cal está a ler?

A suma dos días, de Isabel Allende. Magnífico.



Non adoito **chorar** vendo películas

¿Escritor favorito?

Mario Vargas Llosa, pero sen esquecer a García Márquez e a Isabel Allende.

¿Cal lle gustaría escribir?

Unha fantasía de mocidade é gañar o premio Planeta, pero xa se me pasou. De tódolos xeitos gustárame escribir un libro sobre a vida dos estudantes universitarios nos finais dos 60, na época en que espertou a conciencia reivindicativa e política no campus de Santiago.

¿Escribe o seu Diario?

Non. Abandoneino aos 13 anos.

Música preferida.

Síntoo, pero o que máis me gusta son as baladas, os boleiros e esas cousas. Xunto con Sabina, Aute...

Unha canción.

"Y nos dieron las 10 y las 11..."

Unha película que volvería a ver

Foise co vento, e iso que a vexo unha vez ao ano.

Un director.

Billy Wilder, porque trata magnificamente aos personaxes femininos.

Unha película que a fixo chorar

Non adoito chorar vendo películas.

Unha película que lle fixo rir

Moitas, pero quizais a que máis, A vida de Bryan, dos Monty Pitton.

Actor favorito.

Paul Newman.

Actriz preferida.

Catherine Hepburn.



Comida preferida.

Tortilla de patacas.

En casa, ¿quen cocina?

Se podo, eu.

Un viño.

Un Ribera del Duero.

¿Á hora de vestir como te sintes máis cómoda?

Con saias longas e chaquetas entalladas.

Modisto preferido.

Paso das marcas e dos modistos.

¿Saia, pantalón, ou traxe chaqueta?

Saia e, ocasionalmente, algún vaqueiro.

¿O seu fondo de armario?

Un traxe negro, un abrigo negro e moitos complementos. Son moi de colares, fulars e cousas desas.

¿Zapatos ou botas?

Botas en inverno e sandalias de esparto en verán.

Un deporte.

Tenis.

Un hobby.

Ler e cocinar.

Un coche.

O que sempre quixen ter e non tiven é un Mini.

¿Ducha ou baño?

Ducha.

Un lugar para vivir.

Pontevedra.

Un lugar para descansar.

Unha praia da ría.

Un lugar para irse de vacacións.

As Rías Baixas.

¿A qué país ou cidade lle gustaría volver?

Londres.



¿Que país ou cidade lle gustaría coñecer?

México.

¿Á hora de viaxar prefire coche, tren, barco ou avión?

Coche.

Se puidera dar marcha atrás no tempo, ¿que non volvería facer?

Non estou arrepentida de nada do que teño feito.

A súa maior virtude.

A sinceridade.

O seu peor defecto.

A sinceridade.

Un sentimento.

Amor pola miña familia e polos que sofren no mundo.

Un soño.

Que a xente de África non tivera que subirse a ningún caiuco.

O que máis valora nun home.

Que me substitúa no papel de figura forte á que todos acoden.

E nunha muller.

A comprensión.



Valoro nun home que me substitúa no papel de figura forte á que todos acoden